

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS (2) PEÓNS DE BRIGADA FORESTAL PARA A MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA (OURENSE), AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 (TR351G)

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de **dous (2) peóns forestais**, durante 9 meses, segundo a resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, notificada á Mancomunidade Terra de Celanova, ao abeiro da **Orde do 22 de xaneiro de 2026**, pola que se establecen as bases reguladoras do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (TR351G).

As contratacións realizaranse a xornada completa, mediante a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, co obxecto de proporcionar experiencia profesional que facilite a inserción laboral das persoas contratadas.

O proxecto denomínase:

“Traballos de limpeza ambiental e prevención de incendios no medio rural”

As actuacións desenvolveranse no ámbito territorial dos concellos integrantes da Mancomunidade Terra de Celanova:

Celanova, A Merca, Cartelle, Gome sende, Pontede va, Quintela de Leirado, Ramirás e Vere a.

As funcións serán:

- Desbroces e limpeza de vías, camiños e pistas.
- Traballos de prevención de incendios (silvicultura, xestión de biomasa, limpeza de montes).
- Outras tarefas afíns ordenadas pola autoridade supramunicipal no marco do proxecto.

SEGUNDA.- NATUREZA E DURACIÓN DO CONTRATO

A relación contractual será de carácter laboral temporal, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa.

A duración do contrato será de **nove meses**, conforme ao establecido na normativa reguladora do programa

TERCEIRA.- NÚMERO DE TRABALLADORES A CONTRATAR

- Número de traballadores: **2**
- Ocupación: **Peón de brigada forestal**
- Grupo de cotización: **10**
- Tipo de xornada: **completa**



- Duración do contrato: **9 meses**
- Retribucións por traballador: as correspondentes ao **Salario Mínimo Interprofesional vixente no momento da contratación**, incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias.

CUARTA.- REQUISITOS DOS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO

Para participar nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data da selección e mantelos no momento da contratación:

1. Nacionalidade

1.1. Ter a nacionalidade española.

1.2. Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

1.3. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe das persoas españolas e das nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

2. Titulación. Non se require titulación específica.

3. Capacidade funcional. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións propias do posto.

4. Idade. Ter cumpridos 16 anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

5. Habilitación. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público nos mesmos termos.

6. Participación en programas anteriores. Non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a nove meses no programa Aprod Rural 2025, salvo no caso de concellos rurais de menos de 10.000 habitantes.

7. Coñecemento da lingua galega. Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do certificado Celga 2 ou equivalente.



No caso de non acreditado, será necesaria a superación dunha proba de coñecemento da lingua galega, que será cualificada como apto/a ou non apto/a, sendo preciso obter a cualificación de apto/a para superala. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido.

8. Situación laboral. Estar desempleado/a e inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a, así como dispoñible para o emprego.

9. Permiso de condución. Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

QUINTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Para a realización do proceso de selección a Mancomunidad Terra de Celanova acudirá exclusivamente ao Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a formulación da pertinente oferta de Emprego na oficina pública de emprego de Celanova.

A participación no proceso selectivo limitarase ás persoas candidatas remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia no marco da oferta presentada

A publicidade da convocatoria e os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad [<https://terradecelanova.sedelectronica.gal>]

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PRAZO.

Remitida a relación de aspirantes preseleccionados por parte do Servizo Público de Emprego, serán convocadas pola Mancomunidad para a realización do proceso selectivo.

Polo que as persoas que figuren no listado remitido pola Oficina de Empego de Celanova, que estén interesados/as poderán presentar as súas solicitudes, no modelo recollido nestas bases como Anexo I, xunto con toda a documentación que poda ser valorada conforme aos baremos de méritos da base séptima,

O prazo de presentación de solicitudes determinarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Presidente ditará unha resolución provisional coa listaxe de admitidos e excluídos, coa causa de exclusión (de non existir exclusións a resolución coa listaxe será definitiva, indicando as datas para a realización das probas aos aspirantes), e concederá un prazo de 2 días hábiles para a subsanación dos motivos de exclusión.

Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a listaxe definitiva de admitidos neste proceso selectivo e tamén as datas previstas de realización das probas aos aspirantes. As listaxes e todos os acordos e resolucións do tribunal publicaranse na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova e no taboleiro de anuncios.



SEPTIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso selectivo desenvolverase mediante a valoración conxunta dos méritos e das probas establecidas na presente base, cunha puntuación máxima total de **20 puntos**, distribuídos conforme aos distintos apartados que se indican a continuación.

- **Os méritos** que se valorarán son os seguintes. (Máximo 6 puntos)

Por pertencer a un colectivo con especial dificultad de inserción laboral, como:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Será valorada con 1 punto a pertenza a cada colectivo (ata un máximo de 6 puntos)

Os méritos deberán acreditarse con documentación oficial (orixinais ou copias compulsadas) antes do remate do prazo de presentación de instancias. Non se terán en conta aqueles documentos presentados con posterioridade.

- **Proba de lingua galega (Apto/Non Apto):** Obrigatoria para candidatos que no acrediten CELGA 2 ou equivalente.
- **Proba Escrita: (Puntuación máxima de 7 puntos).**
Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test relacionado coas función a desenvolver:
 - 1) Mancomunidad Terra de Celanova e coñecemento do territorio
 - 2) Prevención de riscos laborais no sector forestal
 - 3) Uso de ferramentas no sector forestal (rozadoras, motosierras etc)

- **Proba práctica: (Puntuación máxima de 7 puntos).**

Os/as aspirantes desenvolverán unha proba práctica relacionada coas función do posto



No caso de producirse **empates**, o Tribunal de Valoración terá en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

OITAVA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes e a valoración das probas, estará integrado por un presidente, tres vogais e un secretario, cos seus respectivos suplentes, sendo nomeados pola Presidencia da Mancomunidad.

Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto, a excepción da persoa que exerza a secretaría, que terá voz pero non voto.

De conformidade co disposto no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a procurar a paridade entre mulleres e homes e, en todo caso, actuarase conforme aos principios de imparcialidade e profesionalidade. Non poderán formar parte do tribunal o persoal de elección ou de designación política nin o persoal eventual.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, actuando con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo á Presidencia, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia da presidencia e da secretaría.

O tribunal actuará con suxeición ás presentes bases, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer recurso administrativo conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

NOVENA.- PUNTUACIÓN FINAL E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

As persoas candidatas seleccionadas serán aquelas que obteñan a maior puntuación final no proceso selectivo.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal formulará proposta de resolución que conterá a relación de persoas aspirantes ordenadas por puntuación de maior a menor.

Á vista da dita proposta, o órgano competente procederá á contratación das **dúas (2) persoas aspirantes que obtivesen maior puntuación**.



Co resto das persoas aspirantes admitidas constituirase unha **bolsa de emprego**, que poderá ser utilizada para cubrir posibles renuncias, substitucións ou outras incidencias que se produzan durante a execución do programa.

DECIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os contratos formalizaranse por escrito coas persoas aspirantes seleccionadas, nos prazos establecidos na resolución de concesión ou, de ser o caso, no prazo máximo que se indique pola entidade.

As contratacións realizaranse baixo a modalidade de **contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego**, a xornada completa e cunha duración de nove meses.

O contrato de traballo poderá quedar suxeito a un período de proba conforme ao establecido na normativa laboral de aplicación.

DECIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA REGULADORA

A relación rexeráse pola lexislación laboral vixente, sendo de aplicación, entre outras, o **Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro**, de medidas urxentes para a reforma laboral, sen prexuízo das normas administrativas que resulten de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións Públicas, e en particular das entidades locais.

Así mesmo, será de aplicación a **Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (TR351G)**, así como o resto da normativa que resulte aplicable en materia de subvencións e políticas activas de emprego.

DECIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto no **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPDP)**, e na **Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro**, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas interesadas serán tratados pola Mancomunidad Terra de Celanova, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar o proceso selectivo e a correspondente contratación.

A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o exercicio de poderes públicos conferidos á entidade, así como o cumprimento das obrigas legais aplicables.

Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas cando sexa necesario para a tramitación do procedemento, así como publicados no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad, nos termos previstos na normativa vixente, para garantir a publicidade e transparencia do proceso.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e oposición, nos termos previstos na normativa vixente, mediante solicitude dirixida á Mancomunidad Terra de Celanova.



**ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE**

**PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL
MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA
(PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 – TR351G)**

D./D^a _____, con DNI nº _____,
con enderezo a efectos de notificación en: Rúa _____ Nº
_____ Localidade _____ C.P. _____ Concello _____
Teléfono de contacto: _____ Correo electrónico: _____

SOLICITA

Ser admitido/a no proceso de selección de persoal laboral temporal para a cobertura de **2 prazas de peón de forestal**, ao abeiro do proxecto subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración: “**Traballos de limpeza ambiental e prevención de incendios no medio rural**”, no ámbito territorial da Mancomunidad Terra de Celanova.

DECLARA, baixo a súa responsabilidade, que:

1. Cumpre os requisitos exixidos nas bases da convocatoria.
2. Os datos facilitados nesta instancia son certos.
3. A documentación achegada é veraz.

Documentación que se achega (marcar segundo proceda):

- Copia do DNI
- Permiso de conducir B
- Acreditación CELGA 2 ou equivalente (de ser o caso)
- Documentación acreditativa dos méritos alegados:

En _____, a _____ de _____ de 2026

SINATURA: _____

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no **Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD)** e na **Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro**, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola **Mancomunidad Terra de Celanova**, como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar o proceso selectivo e, no seu caso, a contratación.

A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o exercicio de poderes públicos, así como o cumprimento das obrigas legais aplicables.

Os datos poderán ser publicados no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da entidade, nos termos previstos na normativa vixente, co fin de dar publicidade ao proceso selectivo.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e oposición mediante solicitude dirixida á Mancomunidad Terra de Celanova.

SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA

